



MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DO CENTRO SOBRE A AVALIACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO, TENGO EN CONTA A ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA (*Orde do 25 de xaneiro pola que se actualiza a normativa de avaliación de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*)

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014.

Os referentes da avaliación no caso de alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

5. CRITERIOS XERAIS DO CENTRO SOBRE PROMOCIÓN

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de

adquisición das competencias correspondentes. O que non cumpra esta condición permanecerá un ano máis no ciclo. Esta medida só poderá ser adoptada unha soa vez ao longo de toda a etapa e irá acompañada do plan específico de reforzo.

Ao remate de 2º, 4º e 6º de primaria, o equipo de profesores/as que imparten docencia en cada grupo, na sesión final de avaliación, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio da persoa titor/a. A promoción no resto dos cursos será automática.

No suposto de que a decisión sexa negativa, será preceptivo o trámite de audiencia previa cos pais/nais/titores/as do alumnado por parte do/a mestre/a titor/a.

A decisión sobre promoción que se adopte no caso de alumnado que non supere a totalidade dos obxectivos programados irá acompañada da indicación de medidas educativas complementarias encamiñadas a contribuír a consecución de devanditos obxectivos, medidas que se farán constar no informe de avaliación individualizado.

- O alumnado promociona cando supera os obxectivos de ciclo ou etapa, é dicir, cando é avaliado **positivamente** en todas as áreas d aprendizaxe.
- Tamén promociona aquel alumnado que fose avaliado **negativamente** nunha área ou dúas, sempre que o/a alumno/a teña desenvoltas as competencias clave para continuar ciclo ou etapa.
- No caso de non superar os obxectivos, tanto no caso de promoción como de non promoción, estableceranse as medidas complementarias encamiñadas á superación dos obxectivos, medidas que se farán constar no informe de avaliación individualizado.

Ao final de cada un dos niveis estenderase acta de avaliación que comprenderá a relación nominal do alumnado de cada grupo e os resultados da súa avaliación. As actas serán pechadas ao remate do período lectivo.

Nestas actas reflectiranse os resultado de avaliación de cada unha das áreas, as decisións sobre a permanencia ou promoción, así como as medidas de reforzo (RE) ou as ACS.